



BOP

VENRES, 13 DE MAIO DE 2022

N.º 109

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Resolución do 28 de abril de 2022 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas complementarias á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica "LIÑA SEQ806QUIROGA 6 SUBSTITUCIÓN APOIO C7B9QS5S28", no concello de Quiroga. (Expediente 2020/15 ATE)

Con data 8 de outubro de 2021, a Xefatura territorial de Lugo ditou resolución, pola que se declara, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada "LIÑA SEQ806QUIROGA 6 SUBSTITUCIÓN APOIO C7B9QS5S28" no concello de Quiroga (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo á presente resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga deducida da que se someteu a información pública no diario "El Progreso" do 11 de xuño de 2021, no BOP de Lugo do 8 de xuño de 2021 e no Diario Oficial de Galicia do 17 de xuño de 2021, para que comparezan o **día 31 de maio de 2022 no concello de Quiroga** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas complementarias á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 28 de abril de 2022.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO PROYECTO: **LIÑA SEQ806QUIROGA 6 SUSTITUCIÓN APOYO C7B9QS5S28**

AYUNTAMIENTO: QUIROGA

EXPEDIENTE: 2020/15ATE

Nº de finca	Propietario	Parcela				Afección			
	Nombre y Apellidos	Datos catastrales		Paraje	Cultivo	Apoyo		Vuelo	
		Políg.	Parc.			Nº	Superficie (m2)	Longitud (m)	Superficie (m2)
1	Hros Estela Fraga Aira	40	104	Carocha	Prado	28	2		

R. 1170

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE FORMACIÓN

Anuncio

CONVOCATORIA CURSOS DO PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O ANO 2022

A Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, dentro do Plan Agrupado de Formación Continua para o 2022, estando pendente de ditar, pola Directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Resolución pola que se aproban as bases reguladoras e convócanse as subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2022, propón, a execución das seguintes accións formativas

- 01.01.01.22 SECTOR PÚBLICO E COLABORACIÓN. A COLABORACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL. ENCARGOS A MEDIOS PROPIOS. MODALIDADE EN LIÑA
- 01.03.01.22 PRIMEIROS AUXILIOS. MODALIDE PRESENCIAL
- 01.05.01.22 CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. A CONTRATACIÓN NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. TIPOLOXÍAS CONTRACTUAIS. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN: SUXEITOS, OBXECTO E FASES. MODALIDADE EN LIÑA.
- 01.08.01.22 USO AVANZADO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE FOLLAS DE CÁLCULO: LIBREOFFICE CALC. MODALIDADE EN LIÑA
- 01.09.01.22 USO AVANZADO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE TRATAMENTO DE TEXTOS: LIBREOFFICE WRITER. MODALIDADE EN LIÑA
- 01.14.01.22 RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN. APLICACIÓN PRÁCTICA ÁS ENTIDADES LOCAIS. MODALIDADE EN LIÑA

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no anexo I e desenvolveranse de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS

PRIMEIRA.- SOLICITUDES

1. O persoal que desexe participar nestes cursos presentará cuberta, en todos os epígrafes que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial publicado no BOP. Todos os campos deben ser cumprimentados. No caso dos cursos que se impartan dentro do horario laboral é obrigatoria a sinatura do superior/a xerárquico/a, alcalde/sa ou presidente/a así como o selo da entidade.
2. A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos/as aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.
3. O prazo de presentación das solicitudes finalizará o **20 DE MAIO DE 2022 ÁS 12:00 H.** Todas aquelas instancias presentadas fora de prazo serán excluídas. Naquelas accións formativas que, unha vez finalizado o prazo, non se

cubriran as prazas ofertadas, manterase aberto ata completarse estas, quedando pechado o devandito prazo cinco días hábiles antes do comezo do curso.

4. A documentación dirixirase ao Sr. Presidente da Deputación de Lugo, Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento por:

- **Presentación directa:** No Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.
- **Correo electrónico:** formacion@deputacionlugo.org
- **E demais lugares** de conformidade co artigo. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDA.- ACCESO E PARTICIPACIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS

1. Poderá participar o persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.

2. Reservarase un 5% do número de prazas para traballadores/as con discapacidade, en cumprimento co disposto no artigo 11 do Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade. Incorporase como criterio de valoración na participación nos cursos de formación de empregados/as públicos/as o estar afectado/a por unha discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. A selección efectuarase por separado da quenda xeral, incorporándose a ésta todas as vacantes que queden sen solicitantes.

3. A Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento poñerase en contacto cos/as peticionarios/as, asemade poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando ao teléfono 982 260 065.

4. A non comparecencia ou abandono dun/dunha participante admitido/a a unha acción formativa terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido/a ás distintas accións formativas convocadas pola Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento da Deputación de Lugo.

TERCEIRA.- CERTIFICACIÓNS

Expedirase certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento ós/ás alumnos/as que asistan ó curso. É obrigatoria a asistencia a todas as sesións dos cursos presenciais. Unha inasistencia superior ao 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa. No caso dos cursos en "MODALIDADE EN LIÑA", é obrigatoria a asistencia á sesión presencial, naqueles que así o requiran. Se o/a alumno/a non se presentase á sesión presencial, será excluído/a deste.

a) **Certificación de asistencia, ou**

b) **Certificación de asistencia con aproveitamento:** trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario ou visto o informe de avaliación emitido polo/a formador/a.

En calquera dos supostos só se expedirá unha única Certificación.

CUARTA.- MODIFICACIÓNS

A Deputación de Lugo, poderá modificar o desenvolvemento e mailos contidos dos cursos co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

Lugo, 11 de maio de 2022. O Presidente: José Tomé Roca. O Secretario Xeral: José Antonio Mourelle Cillero

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS

Código A. F.: 01.01.01.22

Denominación: SECTOR PÚBLICO E COLABORACIÓN. A COLABORACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL. ENCARGOS A MEDIOS PROPIOS. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo

Participantes: 35

Horas: 40

Datas realización: Do 6 ao 24 de xuño de 2022

OBXECTIVOS:

- Analizar o réxime xurídico das entidades locais. O entramado institucional, o seu sector público.
- Estudar o concepto de medio propio e ente instrumental así coma o réxime de encargos.
- Fórmulas colaborativas das prestacións dos servizos públicos.

PROGRAMA:**1. RÉXIME XURÍDICO E SECTOR PÚBLICO**

- Conceptos e introdución
- Institucional. Formas de prestación dos servizos público.
- Contractual.
- Orzamentario.

2. OS MEDIOS PROPIOS. ENCARGOS. ASPECTOS DE REFORMA ADMINISTRATIVA

- Regulación e evolución
- Aspectos e requisitos.
- Control análogo. Particularidades no eido local.
- Problemática recente consideración de medio propio.
- Aplicación na xestión dos Fondos Next Generation. Oportunidades.

5. FORMAS COLABORATIVAS NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS

- Protocolos.
- Convenios.
- Problemática.
- Tramitación administrativa.
- Prestación conxunta de servizos.
- Deputacións Provinciais.
- Fórmulas colaborativas.
- Colaboración público privada.

Código A. F.: 01.03.01.22

Denominación: PRIMEIROS AUXILIOS. MODALIDADE PRESENCIAL

Destinatarios: Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo

Participantes: 30

Horas: 6

Data realización: 30 de xuño de 2022

Horario: Das 8:30 h. ás 14:30 h

OBXECTIVOS:

Dotar dos coñecementos teórico-prácticos sobre as principais técnicas de primeiros auxilios

PROGRAMA:

- Presentación do curso.
- Os primeiros auxilios na vida cotiá: como reaccionar, que facer.
- Activación do sistema de emerxencia (PAS).
- Recoñecemento da inconsciencia.
- Comprobación da respiración e a circulación.
- Plans de actuación SVB.
- Soporte vital pediátrico. RCP en adultos, nenos e lactantes.
- Manobra de Heimlich.
- Actuación ante convulsións.
- Factores de risco de enfermidades cardiovasculares.
- Tratamentos de contusións, feridas, hemorraxias, queimaduras e golpes de calor

Código A. F.: 01.05.01.22

Denominación: CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. A CONTRATACIÓN NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. TIPOLOXÍAS CONTRACTUAIS. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN: SUXEITOS, OBXECTO E FASES. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Persoal administrativo (C1 e C2) e agrupacións profesionais da administración local da provincia de Lugo.

Participantes: 50

Horas: 35

Datas realización: Do 6 ao 23 de xuño de 2022

OBXECTIVOS:

- Coñecer a regulación en materia de contratación administrativa recollidas na Lei 9/2017. Analizar a súa incidencia e aplicación na Administración Local.
- Coñecer de forma teórica e práctica os procedementos de contratación das entidades locais e a utilización de medios electrónicos para a tramitación dos procedentes contractuais

PROGRAMA:

- Normativa sobre contratos do sector público.
- Contratos do sector público.
- Configuración xeral: principios, réxime de invalidez e recursos en materia de contratación.
- Ámbito subxectivo e obxectivo da LCSP. Negocios e contratos excluídos. Contratos suxeitos a regulación harmonizada.
- As partes na contratación administrativa. Órganos de contratación, contratista; condicións de aptitude, capacidade, solvencia, clasificación, prohibicións de contratar.
- Preparación dos contratos: Expediente de contratación Contido, tramitación, pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- Adjudicación dos contratos: Procedementos e normas. Problemática do fraccionamento.
- Efectos, cumprimento e execución dos contratos, modificación, suspensión e extinción, cesión do contrato.
- Tipos contractuais. Especial estudo dos contratos de obras, servizos e subministracións.
- A plataforma de contratación do sector público.

Código A. F.: 01.08.01.22

Denominación: USO AVANZADO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE FOLLAS DE CÁLCULO: LIBREOFFICE CALC. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo que manexen esta ferramenta informática.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 6 ao 23 de xuño de 2022

OBXECTIVOS:

- Repaso de coñecementos básicos da ferramenta.
- Saber cómo poden interactuar datos esparcidos en varias follas ou libros.
- Familiarizarse con algunhas das funcións e fórmulas aportadas pola ferramenta.
- Representación de datos en gráficos e coñecemento das posibles operacións sobre os mesmos
- Uso de táboas dinámicas.
- Validación de datos introducidos.
- Creación de rangos.
- Asignación de nomes a elementos da folla de cálculo.
- Automatización de procesos coa ferramenta de grabación de macros.

PROGRAMA:

- Facer referencia a datos en distintas follas ou libros.
- Uso de comentarios ou notas dentro dunha folla de cálculo.
- Ventanas e outros utensilios para facilitar o traballo con grandes cantidades de datos.
- Uso das fórmulas máis usadas do programa.
- Elaboración de gráficos a partir dos datos do documento.
- Exploración das opcións para a representación de datos mediante gráficos.
- Introducción ás táboas dinámicas.
- Exploración das operacións posibles sobre táboas dinámicas.

- Validación do formato dos datos introducidos na folla de cálculo.
- Creación de rangos de valores.
- Uso de nomes para facilitar o acceso a datos almacenados na folla.
- Creación de macroinstrucións mediante a ferramenta para grabación de macros incorporada no programa.

Código A. F.: 01.09.01.22

Denominación: USO AVANZADO DE APLICACIÓN INFORMÁTICAS DE TRATAMENTO DE TEXTOS: LIBREOFFICE WRITER. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo que manexen esta ferramenta informática

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 27 de xuño ao 15 de xullo de 2022

OBXECTIVOS:

- Repaso das funcións básicas do programa.
- Creación e manipulación de táboas.
- Crear estilos de formatos para documentos específicos.
- Lograr que un documento navegable a través duna táboa de contados.
- Inserción de referencias nun documento.
- Elaboración e modificación de formularios.
- Combinación de correspondencia.
- Automatización de procesos repetitivos.
- Aprender a engadir elementos visuais para complementar o documento.

PROGRAMA:

- Inserción e personalización da estrutura das táboas.
- Creación e edición de estilos de documentos.
- Creación e actualización dunha táboa de contidos para o documento.
- Inserción de referencias no documento.
- Creación e modificación de formularios a partir dun documento de texto.
- Uso da ferramenta de “combinación de correspondencia” para a creación de documentos con múltiples destinatarios.
- Uso da ferramenta “Grabadora de macros” para automatizar operacións repetitivas.
- Engadir elementos visuais tales como marcas de auga ou etiquetas institucionais ao longo do documento.

Código A. F.: 01.14.01.22

Denominación: RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN. APLICACIÓN PRÁCTICA ÁS ENTIDADES LOCAIS. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Personal administrativo (C1 e C2) da administración local da provincia de Lugo, que interveña na tramitación de expedientes administrativos.

Participantes: 50

Horas: 40

Datas realización: Do 27 de xuño ao 20 de xullo de 2022

OBXECTIVOS:

- Dar a coñecer e incidir nos aspectos xerais de ámbalas dúas normas e a súa posición no ordenamento administrativo.
- Definir e contextualizar os principais elementos, conceptos e suxeitos actores do procedemento que debe observar a administración.
- Determinar os distintos dereitos e obrigas de todos os suxeitos implicados no procedemento.
- Incidir nos aspectos máis novos da administración electrónica: sinatura, expediente, rexistro, arquivos electrónico
- Insistir no concepto e en todos os elementos que compoñen o acto administrativo, como núcleo fundamental da relación Administración-administrados.
- Analizar as fases do procedemento administrativo, no dobre sentido de garantía do administrado e de garantía da Administración para mellor manifestar a súa vontade.
- Destacar os medios que teñen os administrados para actuar fronte á administración.

- Contextualizar os principios de actuación das Administracións Públicas, así como o funcionamento dos seus órganos, con referencia especial ao principio de competencia.
- Destacar os principios da potestade sancionadora propia da Administración.
- Facer unha breve descrición da organización político administrativa.
- Sinalar a responsabilidade, sobre todo no ámbito patrimonial, da Administración pública.
- Analizar a iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria propia das Administracións.
- Analizar o concepto de sector Público e a súa variedade de personificación.
- Destacar outros aspectos xurídicos, administrativos e organizativos que se deducen da normativa estudada.
- Tratar de conseguir dos/as alumnos/as que realicen este curso, unha motivación ou inquietude por estes asuntos que durante moito tempo, seguirán sendo transcendentais no funcionamento xurídico-administrativo da nosa sociedade.

PROGRAMA:**LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO****UNIDADE 1**

Ámbito obxectivo Lei 39/2015.

Ámbito obxectivo Lei 40/2015.

Principais novidades da Lei 39/2015.

Principais novidades da Lei 40/2015.

UNIDADE 2

A Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Principais reformas da Lei.

Razóns da reforma.

Entrada en vigor e derogacións.

Estrutura da Lei.

UNIDADE 3

Capacidade de obrar

Concepto de interesado/a

Dereitos do interesado/a

Representación

Identificación e sinatura dos/as interesados/as no procedemento administrativo

UNIDADE 4

Rexistros e arquivos

Obriga de resolver e notificar. O silencio administrativo

Documentos e copias

Termos e prazos

Os actos administrativos

UNIDADE 5

Iniciación do procedemento

Ordenación do procedemento

Instrución do procedemento

Finalización do procedemento

Tramitación simplificada do procedemento administrativo común

Execución

UNIDADE 6

Revisión dos actos administrativos: revisión de oficio.

Recursos administrativos

UNIDADE 7

Iniciativa legislativa e exercicio da potestade regulamentaria.

Outras disposicións da Lei.

LEI 40/2015, DE 1 DE OUTUBRO**UNIDADE 1**

Estrutura da Lei.

Ámbito obxectivo e subxectivo.

Os órganos administrativos.

Competencia.

Os órganos colexiados

UNIDAD 2

Principios da potestade sancionadora.

Responsabilidade patrimonial das administración públicas

Funcionamento electrónico do sector público.

Os convenios

UNIDAD 3

Organización e funcionamento do sector público institucional.

Principios xerais das relacións interadministrativas

Deber de colaboración

Relacións de cooperación

Técnicas de cooperación

Técnicas orgánicas de cooperación

Relacións electrónicas entre as Administracións

UNIDADE 4

Relacións interadministrativas.

Disposicións adicionais.

Disposicións transitorias.

Disposicións finais.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento

ANEXO II
SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN

1. Denominación curso		Código A. F.	
2. Datos pessoais			
Nome:	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	N.I.F.
3. Datos profesionais			
Posto traballo:	Grupo/Subgrupo	A1 <input type="checkbox"/>	A2 <input type="checkbox"/>
		B <input type="checkbox"/>	C1 <input type="checkbox"/>
		C2 <input type="checkbox"/>	AP <input type="checkbox"/>
	Entidade onde traballa		
Dependencia	Enderezo do posto de traballo		Localidade
			Provincia
Minusvalía física	SI <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>	Teléf. Traballo
			Correo electrónico
			Teléf. móbil / particular
Clase de persoal	Funcionario	Funcionario Interino	Persoal Eventual
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
			Laboral Fixo
			<input type="checkbox"/>
			Laboral Temporal
			<input type="checkbox"/>
Funcións que desempeña:			
4. A ter en conta			
Segundo recollen as bases de convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes finalizará na data e hora que aparecen nas bases xerais da convocatoria publicadas no BOP. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O solicitante deberá cumprimentar todos os campos da solicitude. Aquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral do solicitante, é obrigatoria a autorización do superior xerárquico. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido nas distintas accións formativas.			
5. Declaración			
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporfo á solicitude que abaixo asino.			
6. Informe Entidade Local			
Se o curso ten lugar en horario laboral do solicitante é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente e o selo da Entidade			
<input type="checkbox"/> Favorable		<input type="checkbox"/> Desfavorable	
		Sinatura e selo (Alcalde, Presidente, Xefe de Servizo...)	

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.

_____ a _____ de _____ de _____
Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Sección de Formación. Rúa San Marcos, 8. 27001 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. e-mail: formacion@deputacionlugo.org

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais; informámoos que os seus datos se incorporan nun ficheiro automatizado baixo a responsabilidade da DEPUTACIÓN, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con vostede. Así mesmo informámoos que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento mediante correo electrónico protecciondatos@deputacionlugo.org sede electrónica ou escrito acompañado de copia de documento oficial que lle identifique, á Rúa San Marcos, 8 27001 - Lugo. Temos o seu consentimento para utilizar os seus datos persoais para desenvolver as actividades formativas nas que se inscriba, así mesmo queda constancia da aceptación de todo o exposto anteriormente neste documento e que vostede coñece os seus dereitos e obriga segundo a normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Lugo, 11 de maio de 2022.- O Secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1202

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Visto que durante os días 14 a 26 de maio a alcaldesa se atopará ausente do Municipio por período vacacional.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF),

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar en Antonio Veiga Outeiro, como Primeiro Tenente de alcalde a totalidade das funcións da Alcaldía dende o día 14 ao 26 de maio de 2022, ambos incluídos.

SEGUNDO.- A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.- O órgano delegado debe informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do ROF.

CUARTO.- A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO.- Esta delegación publicarase no BOP, e farase pública a través do taboleiro de anuncios do concello, tanto o físico como o da sede electrónica municipal, e darase conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

SEXTO.- No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

Barreiros, 9 de maio de 2022.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida igrexas.

R. 1171

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 04/05/2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de maio do 2022 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 04/07/2022. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 5 de maio de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1172

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 05/05/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarúas correspondentes o exercicio de 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra o meritado Padrón o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario, do Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarúas correspondente o exercicio de 2022, terá lugar neste municipio, dende o día 9 de maio de 2022 ata o día 8 de xullo de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas de período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 6 de maio de 2022.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1173

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 4º trimestre do ano 2021 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao cuarto trimestre do 2021, terá lugar dende o días 06/05/2022 ao 06/07/2022 (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgúnhas das seguintes modalidades:

- a) Nas dependencias municipais de recadación, en horario laboral de luns a venres, de 9 a 14 horas.
- b) Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Se o canon da auga non se fixera efectivo no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Guitiriz, 5 de maio de 2022.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1174

LUGO

Anuncio

DECRETO 4958/2022 de 09/05/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 4 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo 9/250 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUN/HA TÉCNICO/A MUNICIPAL DE PROXECTOS E FINANCIACIÓN EUROPEA (GRUPO A1) .

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO/A DUN/HA TÉCNICO/A MUNICIPAL DE PROXECTOS E FINANCIACIÓN EUROPEA (GRUPO A1) que se rexerá polas bases xenéricas para a cobertura interina de prazas de funcionario nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público. Estas bases foron aprobadas na Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada ou nove de xullo de dous mil oito e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 24 de xullo de 2008 e foron modificadas polo acordo nº 7/378 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada ou 27.06.2012 e publicado no BOP nº 171 de 26 de xullo de 2012 así como polas bases específicas aprobadas por acordo 9/250 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 04.05.2022, que seguidamente se transcriben:

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUN/HA TÉCNICO/A MUNICIPAL DE PROXECTOS E FINANCIAMENTO EUROPEO (GRUPO A1)

1º OBXECTO DA CONVOCATORIA:

O nomeamento como funcionario/a interino/a dun/ha Técnico/a (Grupo A1), que se ocupará da adaptación das especialidades referentes na tramitación dos procedementos administrativos, na contratación pública, nos convenios administrativos, nas subvencións, e nalgúnhas técnicas de colaboración público-privada, atendendo ao recollido expresamente como obriga no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) – Next Generation, así como o labor de seguimento e control da devandita adaptación e tramitación en relación co PRTR. Ademais, tamén serán funcións deste técnico/a: a realización de tarefas de presentación, xestión, execución e xustificación dos diferentes proxectos financiados polas diversas administracións públicas; a elaboración de documentos, así como informes relacionados cos expedientes correspondentes, relativos aos sistemas de xestión introducidos polo PRTR; a colaboración na elaboración e redacción de candidaturas para optar a premios, mencións ou similares; a colaboración nas diferentes fases da implantación da Axenda Urbana no municipio de Lugo, Plan de acción enmarcado na Agenda Urbana Española e denominado: "LUGO CIDADE VERDE"; a participación na redacción de plans estratéxicos, así como na elaboración e confección de diferentes estudos socioeconómicos e de desenvolvemento local; a redacción de documentos tales como declaracións de conflitos de intereses (DACI), e

realización dos cuestionarios de avaliación, non só no relativo ao Plan de medidas antifraude, senón todos aqueles derivados pola esixencia do PRTR.

O nomeamento como funcionario/a interino/a realizarase por un período de tres anos, prorrogable por un ano máis.

2º REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

As persoas aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitido a esta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

I.- Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os/as estranxeiros/as que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

II.- Estar en posesión do título de licenciado/a en dereito e/ou graduado en dereito.

III.- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

IV.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

V.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

3º ÁMBITO DE PUBLICIDADE:

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no Taboleiro Electrónico do Concello de Lugo.

4º PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

Prazo de presentación de instancias: será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As instancias dirixiránse á Excm. Sra. Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a.-Fotocopia do DNI
- b.-Fotocopia da titulación esixida.
- c.-Fotocopia de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

5º SISTEMA DE SELECCIÓN:

Consistirá en dúas fases:

PRIMEIRA.-

a) Realización dunha proba de carácter teórico – práctica, para a que as persoas aspirantes disporán de 90 minutos. A proba estará relacionada coas tarefas para realizar, e versará sobre algúns dos seguintes temas:

Tema 1: A Unión Europea. As institucións da Unión Europea. Procedemento de toma de decisións.

Tema 2: O Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno de España (PRTR). O instrumento europeo de Recuperación Next Generation EU

Tema 3: O Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro de 2020, que aproba medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Tema 4: A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

Tema 5: A Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución presupostaría e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

Tema 6: Os plans de medidas antifraude para a xestión dos fondos “Next Generation EU”.

Tema 7: Contratación pública (I). Directivas comunitarias en materia de contratación pública. A Lei 9/2017 de contratos do sector público. Obxecto e ámbito de aplicación subxectivo e obxectivo. Os contratos do sector público. Clases de contratos. Configuración xeral da contratación do sector público e elementos estruturais dos contratos.

Tema 8: Contratación pública (II). Contratos das administracións públicas: preparación dos contratos. Procedementos de adxudicación. Selección do contratista e adxudicación dos contratos. Execución e modificación dos contratos. Extinción dos contratos.

Tema 9: Organización e estrutura do Concello de Lugo.

Esta proba será puntuada como máximo con 15 puntos. Deberá a persoa aspirante acadar, ao menos, 7,5 puntos

Esta proba será determinada polo tribunal inmediatamente antes da súa celebración.

b) Coñecemento da lingua galega.- Esta proba unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento da lingua galega ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Os que non o superen quedarán excluídos do proceso selectivo.

A persoa aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

SEGUNDA.-

Baremo de méritos: non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da primeira fase. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito.

Máximo: 10 puntos.

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ao que se convoca na Administración local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,050 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate - excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Lugo, os cales unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo, e non terán que presentar a certificación á que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta. De non presentarse a citada documentación, ou se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ao que se convoca noutra Administración pública e referidos aos últimos 10 anos: 0,025 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos, os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta. De non presentarse a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ao que se convoca na empresa privada e referidos aos últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos, os interesados deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

b) Titulación académica, ata un máximo de 1 punto:

Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados e ata un máximo de 1 punto. Non será puntuada a titulación esixida para a praza a que se opta:

- A) Título de doutor/a: 1 punto.
- B) Título de máster universitario: 0,75
- C) Título de licenciado/a, graduado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a ou equivalente: 0.5 puntos
- D) Título de diplomado/a, arquitecto/a técnico/a, aparelador/a, enxeñeiro/a técnico/a: 0.25 puntos.

c) Formación, ata un máximo de 2 puntos:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos, que a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

-Menos de 15 horas: 0 puntos

- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos
- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos
- Máis de 160 horas: 0,75 puntos.

d) Superación de probas selectivas en convocatorias públicas, ata un máximo de 1 punto:

Valorarase neste apartado a superación de probas selectivas en convocatorias de oposicións efectuadas por administracións públicas con destino a cubrir prazas en propiedade sempre e cando estas correspondan á mesma subescala de funcionarios e grupo igual ou superior ao que se solicita a inclusión así como no caso de persoal laboral a categoría profesional igual ou superior á que se acode.

Por cada proba de oposición superada, a razón de 0,20 puntos.

Para este efecto enténdese por proba de oposición cada unha das que consta a convocatoria, deberá acreditarse este apartado mediante certificación expedida polo ente que efectuou a convocatoria que se alega.

e) Inscripción, como demandante de emprego, ata un máximo de 1 punto:

Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1 punto: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

f) Coñecemento da lingua galega, cun máximo de 1 punto.

Puntuaranse neste apartado os cursos de especialización en linguaxe administrativa galega e/ou xurídica. Outorgarase 0.5 puntos polo curso de nivel medio, e 1 punto polo curso de nivel superior.

A puntuación final do proceso selectivo será a resultante da suma das puntuacións obtidas na proba teórico-práctica superada, coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores.
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante. As persoas aspirantes que resulten seleccionadas deberán achegar a documentación orixinal para o seu cotexo, igualmente, a dita documentación poderá ser requirida a todos os demais aspirantes en calquera momento do proceso.

6ª TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

Presidenta: D.ª Isabel Villamor Cabado, Xefa do Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª María Jesús López Vázquez, Xefa do Servizo de Fomento do Concello de Lugo.

Vogais:

Titular: D. Juan Ignacio Márquez Gacio, Técnico de Administración Xeral do Servizo de Facenda Local do Concello de Lugo.

Suplente: D. Fernando Prado Rodríguez, Técnico de Administración Xeral do Servizo de Facenda Local do Concello de Lugo.

Titular: D.ª Ana Isabel Sáez Mancebo, Xefa do Servizo de Contratación do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª Ana Tabarés Martínez, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación do Concello de Lugo.

Titular: D. César Castiñeira Muíña, Axente de Emprego do Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª María Baza Podereux, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Intervención do Concello de Lugo.

Secretario:

Titular: D. Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez, Vicesecretario do Concello de Lugo.

Segundo.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

SOLICITUDE

POSTO AO QUE SE OPTA: **NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUN/HA TÉCNICO/A MUNICIPAL DE PROXECTOS E FINANCIAMENTO EUROPEO (GRUPO A1)**

DATOS PERSOAIS						
Apelidos e nome:						
Enderezo:						
C.P.:		Localidade:				
Provincia/País						
DNI/CIF			Data de nacemento:			
Teléfono fixo:						
Teléfono móbil:						
e-mail:						
FORMACIÓN						
Titulación académica:						
CELGA 4 (si/non)						
a) EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 4 puntos):						
Administración pública ou empresa onde traballou	Posto desempeñado	Data inicio	Data fin	Tempo Total (meses)	Puntos por méritos (para cubrir pola Admin.)	

b) Titulación académica superior (máximo 1 punto)

TITULO	UNIVERSIDADE	Puntos por méritos (para cubrir pola Adminis.)

c) Formación (máximo 2 puntos)

Denominación do curso	Administración ou órgano competente	Puntos por méritos (Para cubrir pola Adminis.)					
d) SUPERACIÓN DE PROBAS (máximo 1 punto)							
Adm. convocante	pública	Praza	Subescala	Grupo	Proba	Nota	Puntos por méritos (para cubrir pola Adminis.)
e) INSCRICIÓN COMO DEMANDANTES DE EMPREGO (máximo 1 punto)							
Data de inicio	Data de fin	Puntos por méritos (para cubrir pola Adminis.)					
f) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA (máximo 1 punto)							
Curso	Órgano convocante	Puntos por méritos (para cubrir pola Adminis.)					

Lugo, 9 de maio de 2022.

R. 1175

Anuncio

Edicto de Exposición ao público

A través do Decreto número 3938/2022 do 7 de abril de 2022 aprobouse o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondentes ao primeiro trimestre de 2022, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 17 de abril ata o 17 de maio de 2021 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advirtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 7 de abril de 2022.- A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores, Olga López Racamonde.

R. 1176

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACIMIENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga MARZO-ABRIL 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 02.05.2022 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do segundo bimestre 2022 (MARZO-ABRIL).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 29.04.2022 ata o 30.06.2022.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web *www.aqualia.es*.

Advirtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 4 de maio de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1177

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas ABRIL 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 02.05.2022 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de abril 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 12.05.2022 ata o 12.07.2022.

Advirtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 4 de maio de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1178

OUTEIRO DE REI

Anuncio

José Pardo Lombao, Alcalde del Ayuntamiento de Outeiro de Rei, en el ejercicio de las competencias que me atribuye el artículo 21.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, expongo:

Mediante Decreto de Alcaldía de fecha de 9 de mayo de 2022 y de conformidad con lo dispuesto en la Disposición la Disposición Adicional Sexta de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público y

128 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local, se aprobó la siguiente oferta de empleo público de estabilización de empleo temporal de larga duración del

Ayuntamiento de Outeiro de Rei correspondiente al año 2022:

Núm. de plazas	Denominación	Naturaleza	Subgrupo
1	Oficial 1º servizos múltiples	Personal laboral	E
2	Oficial 2º servizos múltiples	Personal laboral	E
1	Arquitecta técnica	Personal laboral	A2
1	Animadora socio-cultural	Personal laboral	C2
1	Monitor deportivo	Personal laboral	C2
1	ADL	Personal laboral	A1
1	Educadora familiar	Personal laboral	A2

El presente acto pone fin a la vía administrativa y podrá ser recurrido potestativamente en reposición ante el Alcalde en el plazo de un mes a contar desde la fecha de la presente publicación, o bien directamente ante el juzgado de lo contencioso-administrativo de Lugo en el plazo de dos meses a contar desde la fecha de la presente publicación.

Outeiro de Rei, 9 de mayo de 2022.- El Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1179

PALAS DE REI

Anuncio

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE PALAS DE REI.

1. - OBXECTO.

O obxecto destas bases é establecer as normas e procedemento xenérico para aumentar os/as candidatos/as da bolsa de emprego para cubrir prazas de persoal laboral temporal no Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Palas de Rei, que queden vacantes por motivos sobrevidos (baixas, vacacións, xubilacións, acumulación de tarefas, traballos estacionais,...) mentras as mesmas non se cubran polo procedemento xeral.

Nos postos de traballo que se cubran a través destas bolsas de emprego, os seleccionados prestarán servizos, de carácter temporal, no Concello de Palas de Rei, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poda encomendar a alcaldía, que garden relación cos postos a desempeñar e que afecten ó funcionamento do servizo público descrito como esencial para a cobertura de necesidades prioritarias, urxentes e inaprazables.

Inda que pasen a formar parte da bolsa non se poderá asinar contrato con aquelas persoas que xa estiveran traballando como persoal laboral do concello de Palas de Rei, a duración máxima do contrato eventual por circunstancias da produción será de 6 meses dentro de un período de 12 meses.

En caso de que non chegaran a ese máximo, poderá asinarse contrato polo tempo que reste ata esa duración máxima.

Non se terá en conta este límite para cubrir prazas que queden vacantes de forma definitiva xa que o período de tempo neste caso será ata que se cubran mediante o correspondente proceso selectivo.

O contrato terá un período de proba de dous meses (salvo nos casos en que dita persoa xa estivera traballando nestes postos de traballo no concello de Palas de Rei).

O non superar o período de proba supón que esa persoa quedará eliminada da lista de forma definitiva.

Tamen quedarán eliminadas da lista aquelas persoas que renunciaren á praza sin causa xustificada ou as que teñan un mínimo de tres apercibimentos escritos por incidencias no traballo.

As presentes bases publicarase anuncio no BOP de Lugo, a as bases de convocatoria no Taboleiro de edictos do concello e na sede electrónica do concello de Palas de Rei.

2.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos na lista os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes e deberán gozar destes durante todo o prazo na que a mesma estea en vigor:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ó disposto no artigo 52 da lei 2/2015, de 29 de abril, do Empego Público de Galicia, permita o acceso ó emprego público.

Poden acceder ó emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

d) Estar en posesión da titulación esixida para a praza. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e) Posuír coñecemento do idioma galego.

f) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

g) Cumprir, no momento de formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

h) Contar con carnet de conducir B1 en vigor e vehículo propio para desprazamentos.

3.- INSTANCIAS. Os que desexen entrar a formar parte da bolsa para traballo temporal, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se publicará como anexo a estas bases e que se lles facilitará nas dependencias municipais e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, incluída a sede electrónica municipal (non é válido o envío a través de correo electrónico).

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello ou na sede electrónica, e se fagan a través doutros medios (correo, ventanilla única doutra administración, ...) deberán comunicalo dentro do prazo mediante correo a info@concellopalas.org, remitindo copia anexa da solicitude presentada. Serán excluídas todas as solicitudes que non remitan este avance por mail dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días hábiles (non contan sábados, domingos e festivos) contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE.

Coas solicitudes deberá presentarse necesariamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

- Copia da titulación que se esixa.

- Copia do título de galego que se valore.

- Declaración responsable segundo o modelo que se inclúen nestas bases.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso. Non se valorarán os méritos que non sexan efectivos antes de que remate o prazo de presentación de instancias.
- Copia de permiso de conducir B1
- Tarxeta de demandante de emprego ou mellora de emprego do SEPE.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E MESA DE AVALIACIÓN.

Serán admitidas as persoas aspirantes que presenten as solicitudes no prazo indicado e reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo cos baremos establecidos nas bases. Os méritos deberanse posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen coa presentación da instancia.

Non se valorarán os méritos que non sexan efectivos antes de que remate o prazo de presentación de instancias nin os que non se presenten coa solicitude. (En caso de que a documentación xa conste presentada con anterioridade no concello, servirá si fan referencia na solicitude ó expediente no que figura dita documentación).

6.- PUBLICACIÓN DAS LISTAS.

Rematada a cualificación das persoas aspirantes, elaborárase unha lista, que se exporá no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web, e contra a mesma poderán presentar reclamacións as persoas interesadas no prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte á súa exposición.

Transcurrido este prazo e, no seu caso, unha vez resoltas as reclamacións que se podan Transcurrido este prazo e, no seu caso, unha vez resoltas as reclamacións que se podan presentar, publicarase a lista definitiva polos mesmos medios.

- PROCEDIMENTO PARA CUBRIR AS BAIXAS TEMPORAIS EXISTENTES.

Cando resulte necesario cubrir unha das prazas de forma temporal, avisarase aos integrantes da lista correspondente polo orde que figuren nela.

Este aviso farase de forma individualizada para cada candidato a través de teléfono móvil ou correo electrónico.

No caso de que, no día hábil seguinte non se conseguise contactar co interesado procederáse a chamar ao seguinte da lista e así sucesivamente, o mesmo que no caso de que algún manifieste a súa renuncia. Destes chamamentos dará fé, mediante acta ó respecto, a secretaria-interventora A renuncia por causa xustificada (contrato laboral, baixa médica,...) non implicará a eliminación da lista, quedará en suspenso na mesma ata que volva a manifestar de forma expresa que quere reanudar os chamamentos en caso de que se produzan.

Si a renuncia non é por algunha causa xustificada, dita persoa quedará automaticamente eliminada da lista, o mesmo si renuncia voluntariamente ó contrato unha vez iniciado éste.

Unha vez personado o aspirante, formalizarase o correspondente contrato de interinidade coas condicións correspondentes a cada posto de traballo.

Unha vez finalizado o período de contrato, o aspirante reintegrarase nas listas, na orde correspondente.

8.- VIXENCIA DAS BOLSAS DE CONTRATACIÓN.

A vixencia destas bolsas de contratación será de dous anos, inda que, dependendo do resultado, si o número de persoas existente na lista e as súas circunstancias non permiten que as mesmas sexan operativas, poderá reducirse esa vixencia e sacar unha nova convocatoria.

9.- RECURSOS.

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das Administracións Pública.

Asimesmo, a xurisdicción competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición ante a alcaldía no prazo dun mes, previo ó contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xuzgado Contencioso-administrativo ou, a partir do día seguinte ó de publicación do seu anuncio no BOP

ANEXO I.- CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DO POSTO DE TRABALLO.

1.- Relación xurídica co concello: Personal laboral temporal, Grupo de cotización 9 e salario bruto mensual 965€, mais a parte proporcional das pagas extras.

As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Aplicaráselles os complementos retributivos previstos para este servizo en concreto.

Pagaranse os desprazamentos con vehículo propio, previamente xustificados, a 0,19 €/km.

2.- Horario e condicións do posto de traballo: Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indicaráselle polo responsable do departamento de servizos sociais segundo as necesidades dos servizos.

De todas formas o horario podería ser a xornada partida, de tarde e fins de semana e festivos, sempre respectando a normativa laboral aplicable e os acordos acadados na negociación colectiva.

3.- Titulación requirida: Conforme ó establecido na Resolución de 11 de decembro de 2017 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais de Igualdade (BOE 30/12/2017), consideraranse os seguintes títulos e certificados:

- Título de formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente.
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio.
- Técnico en coidados auxiliares de enfermería ou os equivalentes (técnico auxiliar de clínica, técnico auxiliar de psiquiatría e técnico auxiliar de enfermería).
- Técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou o equivalente, técnico de atención sociosanitaria.
- Técnico superior en Integración social.
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

4.- Requisitos específicos: Deberá contar con carné de conducir B1 e vehículo propio.

5.- Baremo do concurso:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL: - Experiencia laboral no Servizo de Axuda no Fogar xestionado directamente por concellos ou por outras administración públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 6 puntos. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

- Experiencia laboral directamente relacionada co coidado de ancians ou persoas dependentes, en empresas privadas ou públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración. (Non se valorarán os méritos si os contratos non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sin os contratos correspondentes).

b) FORMACIÓN: - Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos
- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 0,75 puntos
- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 1 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 1,25 puntos De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

d) CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS. Estar en situación de desemprego valorarase segundo da duración acreditada da mesma:

- mais de 12 meses consecutivos: 1 punto
- de 8 a 12 meses consecutivos: 0,75 puntos
- de 4 a 8 meses consecutivos: 0,5 puntos
- menos de 4 meses consecutivos: 0,25 puntos

Acreditarase mediante a tarxeta ou informe expedido pola Oficina de Emprego correspondente.

En caso de empate nas puntuacións da valoración, desempatarase coa puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, quedando en posición superior a persoa que teña unha maior puntuación nese apartado.

Si aínda así continuase o empate, o mesmo desfarase coa puntuación acadada no apartado de formación.

En último caso o desempate farase por sorteo.

Palas de Rei, 9 de mayo do 2022.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

ANEXO II

SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

D./D.^a _____ con DNI _____, con
endereço a efectos de notificación en _____,
teléfono _____ e correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Palas de Rei para a creación da Bolsa de Emprego para contratación laboral temporal que se indica.

2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a formación de dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.

3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.

4. Que solicito ser incluído en dita bolsa de emprego e para iso presento a seguinte documentación: Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

Copia da titulación esixida e da documentación que acredite os requisitos mínimos.

Declaración responsable segundo o modelo que se inclúe nas bases xerais.

Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a na correspondente Bolsa de Emprego.

O/A abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases e que lle consta a información sobre protección de datos correspondente.

Palas de Rei, ____ de _____ de 2022

Sinatura: _____

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D^a. _____, con DNI _____,

DECLARA

baixo xuramento ou promete, ós efectos de ser admitido/a no proceso de elaboración de bolsas de emprego para cubrir postos de traballo temporais no concello de Palas de Rei, que:

A) Non foi separado/a mediante expediente disciplinario do Servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ó Emprego público nos termos anteriores.

B) Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

C) Cumprir cos requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó Servizo das administracións públicas.

En _____, a ____ de _____ de 2021.

O/A solicitante

Asdo:

Palas de Rei, 9 de mayo do 2022.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1180

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 28 de abril de 2022, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao Primeiro trimestre do ano 2022 da:**

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 31.08.2022** Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 5 de maio de 2022.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1181

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MARZO 2022

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 21 de abril de 2022 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de marzo de 2022 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de marzo : 3958,01 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de maio de 2022 e o 01 de xullo de 2022. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 5 de maio de 2022.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1182

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/07224/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Jesús Folgueiras López

Nombre del río o corriente: Un manantial

Punto localización: Finca Campo da Fonte, paraje de Agrolazas, San Pedro de Bande

Término municipal y provincia: Láncara, Lugo

Caudal concedido: 1,04 l/s

Destino: Uso doméstico, ganadero y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 17 de abril de 1998

Registro de Aguas: 7694, Sección A, en el Tomo 0077, hoja número 094

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Láncara** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 29 de abril de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 1183

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/08332/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Comunidad de Usuarios del Manantial Cruz da Zaragola

Nombre del río o corriente: Manantial Cruz da Zaragola

Punto localización: Cabana de Vella, parroquia de Remedios

Término municipal y provincia: Mondoñedo, Lugo

Caudal concedido: 0,13 l/s

Destino: Uso ganadero

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 19 de octubre de 1999

Registro de Aguas: 8869, Sección A, en el Tomo 0089, hoja número 069

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Mondoñedo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 28 de abril de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 1184

Anuncio

Expediente: A/27/34410

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 8 de abril de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Ayuntamiento de Triacastela, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,32 l/s de agua procedente de los manantiales Fonte do Xardón e Fonte do Rigueiral, en la parroquia de A Balsa (San Breixo), término municipal de Triacastela (Lugo), con destino a uso doméstico y ganadero en el núcleo de A Balsa.

Lugo, 29 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO. José Manuel Blanco López.

R. 1185
